

## **Estas son as obras gañadoras duns Premios Follas Novas que homenaxean Lydia Cacho, a librería Númax e Ediciós do Castro**

Henrique Alvarellos, presidente da Asociación Galega de Editoras: "A lectura debe ser un eixo fundamental das políticas públicas, ao mesmo nivel que as políticas sanitarias, as educativas e as de servizos sociais".



[photo\\_camera](#)Gala dos Premios Follas Novas, este sábado, no Teatro Principal de Santiago. (Foto: Nós Diario)

REDACCIÓN

23/04/23 10:00

O sector do libro galego asistiu este sábado a unha das citas máis sinaladas no calendario. O Teatro Principal de Santiago de Compostela foi o escenario elixido

para dar a coñecer as autoras e autores gañadores nas diferentes categorías dos [Premios Follas Novas](#). *Barroco*, de **Antía Otero**, foi a obra máis recoñecida con dous galardóns, á mellor produción de Poesía e ao Libro Mellor Editado, mentres **Eva Mejuto** viu premiados dous títulos: *Memoria diversa*, na categoría de Divulgación, e *A ladroa da Biblioteca de Meirás*, en Literatura Xuvenil.

A actriz de Chévere **Patricia de Lorenzo** foi a encargada de conducir a gala, encarnando o seu personaxe das Fillas Bravas, Isaura. Contou coa participación musical do grupo **Noar**, segundo clasificado nos Premios Narf. Os premios Follas Novas están organizados pola Asociación de Escritoras e Escritores en en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Fedración de Librarías de Galicia (FLG), co apoio do Concello de Santiago, a Deputación da Coruña, a Xunta da Galiza e CEDRO.

Outra das grandes protagonistas foi a autora mexicana **Lydia Cacho**, que recibiu un dos premios de honra, o que outorga a AELG, co obxectivo de recoñecer "o seu traballo sobre o feminicidio en Ciudad Juárez, polas súas investigacións sobre a prostitución infantil". O premio das librarías foi parar á **Númax** de Santiago, "unha librería con inquedanzas, con curiosidade intelectual, con moitas actividades, e integrada nun espazo cultural cunha oferta leva de man cine e libros", mentres **Edicións do Castro** foi elixida polas editoras galegas, que valoraron a "extraordinaria importancia histórica desta editorial que agora cumpriría sesenta anos". Recolleu este último premio Xosé Díaz, fillo do fundador da editorial, Isaac Díaz Pardo.

**Henrique Alvarellos**, presidente da AGE, realizou o discurso institucional en nome das tres entidades organizadoras e reclamou "un verdadeiro, transversal, sedutor e ben dotado Plan de lectura en galego". A lectura en particular e a cultura en xeral, dixo, "debe ser un eixo fundamental das políticas públicas, ao mesmo nivel que as políticas sanitarias, as educativas e as de servizos sociais". A Galiza, lamentou Alvarellos, "segue á cola das comunidades lectoras do Estado español" e a ausencia deses recursos, precisou, "está a ser cuberta pola acción, moitas veces individual e altruísta, das persoas creadoras, das librarías que estenden o seu horario para dar acubillo a tantos actos, das editoras que organizan, organizamos, todo tipo de accións de activismo cultural, do gran labor dos clubs de lectura, das docentes, do persoal das bibliotecas...".

O xurado desta oitava edición estivo formado por Cristina Barbeito Vázquez, David Cortizo Conde, Antonio M. Fraga Allegue, Tensi Xesteira, Lucía Novas Garrido, Montserrat Pena Presas e Nuria Vilán Prado.

Obras premiadas por categoría

[Ensaio e investigación](#)

***A defunción dos sexos. Disidentes sexuais na Galiza contemporánea.***  
Daniela Ferrández Pérez. Edicións Xerais de Galicia

[Divulgación](#)

***Memoria diversa.*** Eva Mejuto. Deputación da Coruña

### Narrativa

**Os seres queridos.** Berta Dávila. Edicións Xerais de Galicia

### Infantil

**O neno de lume.** Leticia Costas (autora), Iván R.(ilustrador). Edicións Xerais de Galicia

### Xuvenil

**A ladroa da biblioteca de Meirás.** Eva Mejuto. Edicións Xerais de Galicia

### Libro ilustrado

**Verme.** Federico Fernández. Germán González.Kalandraka Editora

### Banda deseñada, gráfico e humor

**Roxín Roxal. A daga do conde.** Manel Cráneo e Brais Fierro. Demo Editorial

### Iniciativa bibliográfica

**Chévere 1987-2022. Trinta e cinco anos de axitación cultural.** Chévere. Kalandraka Editora

### Obra traducida

**Léxico familiar.** Natalia Ginzburg / Traducido por María Alonso Seisdedos. Editorial Laivento

### Poesía

**Barroco.** Antía Otero. Apiario

### Teatro

**As alumnas.** Paula Carballeira. Editorial Galaxia

### Libro mellor editado

**Barroco.** Antía Otero. Apiario

### Promoción da lectura

**Traballadoras das Bibliotecas Municipais da Coruña.**

Premios honoríficos

### Premio da AGE

**Edicións do Castro.**

### Premio da FLG

**Librería Númax** (Santiago).

### Premio da AELG

**Lydia Cacho** (México).